

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2005

Ás 10 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, na Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **ANEXO II**. Xustifican a súa ausencia os vicerreitores de Calidade e Harmonización Europea e de Infraestrutura e Xestión Ambiental e os señores Graña López e Núñez Sal.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa de que hoxe ten lugar a primeira reunión da comisión de sabios para o posgrao. A Asemblea Xeral da CRUE acordou trasladar ao Ministerio de Educación a súa inquedanza e preocupación ante a falta de solucións a problemas chave que afectan á comunidade universitaria, nunha declaración feita pública o 6 de setembro de 2005.

Tamén informa de que se fará unha convocatoria de habilitacións moi ampla, que ultrapasa as peticións das universidades: sairán 606 habilitacións de cátedra, 1502 titularidades de universidade, 14 cátedras de escola universitaria e 40 titularidades de escola universitaria repartidas nas diversas áreas.

Sinala que a CRUE está a elaborar un informe sobre o anteproxecto de lei de acceso ás profesións de avogado e de procurador dos tribunais, cuxa versión definitiva xa foi aprobada polo Consello de Ministros. Este informe xa se facilitou ao decano da Facultade de Dereito. Parece que se configura xa un grao de catro anos e como mínimo un posgrao de sesenta créditos co contido de formación para a práctica que se recolle no anteproxecto.

O Sr. Reitor informa do cese como vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica de D. Anxo R. Calvo Silvosa, recentemente nomeado director xeral de Industria, Enerxía e Minas, que foi substituído por D. Angel Fernández Castro, designado membro deste Consello de Goberno polo reitor. D. Angel Fernández Castro entra a formar parte do Padroado da FUAC en substitución de D. Anxo R. Calvo. Tamén o substitúe como presidente da Mesa de Contratación por delegación do reitor, como representante da UDC na Fundación Río do Pozo, como membro na Comisión de Seguimento e Desenvolvemento do Convenio de Colaboración UDC-Banco Santander Central Hispano, como representante da UDC no Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia SA, como representante da UDC no Consello Económico e Social de Galicia, como representante da UDC no Padroado de FEUGA e como membro da Comisión do Plano Estratéxico Provincial da Coruña. D. Anxo R. Calvo Silvosa é substituído por D. Luis F. Barral Losada como representante da UDC no Consello de Administración de Unirisco Galicia. Tamén informa do cesamento como vicexerente de D. Crisanto Lamela Rozas, así como da resolución do concurso de libre designación para o nomeamento do vicexerente do Campus de Ferrol, cargo para o que resulta nomeada D.^a María José Brión Sobrido. Cesou como decano da Facultade de

Socioloxía D. Antonio Izquierdo Escribano, nomeado director da Escola Galega de Administración Pública, que é substituído en funcións por D. José María Cardesín Díaz, anteriormente vicedecano desa facultade. Cesou como director do Departamento de Dereito Público D. Carlos M. Suárez-Mira Rodríguez, nomeado director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública, que é substituído en funcións por D. Alejandrino Fernández Barreiro, o catedrático máis antigo dese departamento. Como membro do Consello de Goberno en representación dos decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto D. Carlos M. Suárez-Mira Rodríguez foi substituído por D. Manuel J. Recuero Astray. Cesou, por petición propia, como membro do Consello Social D. Epifanio Campo.

O Sr. Reitor dálle a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa de que a Universidade da Coruña asumiu a presidencia do Consello de Dirección do Consorcio de Bibliotecas de Galicia. Nesta presidencia van alternando os representantes das tres universidades e ata finais do presente ano correspondíalle á Universidade de Vigo. Dado que o vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo foi nomeado director xeral de I+D, na última reunión do Consello de Dirección de Bugalicia decidiuse adiantar a presidencia da UDC

Sobre o Programa I3, lembra que no Consello de Goberno do 31 de maio de 2005 se informou sobre a publicación no BOE de 28 de maio da orde que establece o Programa de Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (programa I3). No BOE do 26 de agosto publicouse a resolución da Secretaría de Estado pola que se establecen os criterios de avaliación neste programa. Como xa se informou no Consello de Goberno de 31 de maio, o desenvolvemento do programa corresponde ao Ministerio e á Comunidade Autónoma, mediante a formalización de protocolos xerais de colaboración entre ambos. Neste sentido o 20 de setembro houbo unha reunión na Consellaría cos tres vicerreitores de Investigación onde se informou que se asinará este protocolo, mais que está actualmente sen definir, o que se fará aproximadamente no mes de novembro.

Ante a ausencia do vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, o Sr. Reitor informa de que dende a Consellaría de Vivenda deuse apoio formal ao plano da UDC referente á construción no campus de Elviña de vivendas en réxime de aluguer para estudantes e outros membros da comunidade universitaria, o que significa un paso adiante moi importante para o desenvolvemento do proxecto.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica quen informa de que desde o anterior Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2004 por importe de 52.793,05 euros, de acordo coa base 9ª.2 das Bases do Orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Control Interno.

A secretaria xeral informa tamén de que con data 29 de agosto de 2005 se publicou no DOG a relación de postos de traballo da UDC, e que os membros do PAS recibiron ao longo do mes de setembro a información referente ás adscricións definitivas e provisionais necesarias para proceder á adaptación á nova relación.

Por último, informa de que, de conformidade co disposto no artigo 7.3 do Regulamento interno do Consello de Goberno, está na entrada o modelo de autorización para que a información sobre os temas que figuran na orde do día do Consello de Goberno sexa enviada unicamente por correo electrónico. Solicítalles aos membros do Consello de Goberno que o desexaren que o asinen e o entreguen. A convocatoria propiamente dita seguirá a ser enviada por correo interno.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 22 DE XULLO DE 2005

A secretaria xeral informa de que, por erro na transcripción dos datos, se remitiu ao Consello de Goberno do 22 de xullo de 2005 a proposta de modificación do Curso de Posgrao en Fisioterapia Manipulativa Articular indicando que o título propio era de experto ou especialista, cando debe ser só experto, polo que se debe modificar o anexo correspondente. Debe corrrixirse tamén no punto referente á aprobación da RPT a frase que di “cóntase por primeira vez nesta universidade cos informes preceptivos e non vinculantes dos órganos de representación dos traballadores, a Xunta de Persoal e o Comité de Empresa, e do Consello Social”, pois o que sucede por primeira vez é que se conta cos informes *favorables* dos tres órganos.

Coa modificación do anexo e do punto correspondente, **apróbbase** por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2005.

3. APROBACIÓN DE CONVENIOS E DE CONTRATOS

A secretaria xeral informa sobre os convenios e sobre os contratos que figuran no **ANEXO III**.

Os convenios e os contratos **apróbanse** por asentimento.

4. CONCESIÓN DE VENIAS DOCENTES

O vicerreitor de Profesorado informa de que, consonte o establecido no Regulamento para a concesión de venias docentes aos profesores de centros adscritos á Universidade da Coruña, se solicitou dos departamentos a elaboración do preceptivo informe, que resultou favorable en todos os casos. Os profesores que por razón da materia non tiñan departamento que puidese informar foron informados pola COAP. Queda pendente de recepción o informe para a venia docente de García Vila, pois o nome foi proposto para cubrir unha vacante a última hora. Proponse dar a venia condicionada á recepción do informe positivo.

A concesión de venias docentes aos profesores de centros adscritos que se recollen no **ANEXO IV apróbbase** por asentimento.

5. ELECCIÓN DUN REPRESENTANTE DO CONSELLO DE GOBERNO NO CONSELLO SOCIAL POLO SECTOR DE PROFESORES

A secretaria xeral informa de que, debido á saída da Universidade en servizos especiais de D. Anxo R. Calvo Silvosa, elixido representante do profesorado no Consello Social, corresponde substituílo. Proponse para a substitución ao vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa D. Luis F. Barral Losada. A conveniencia da presenza do vicerreitor vén dada pola relación entre o Consello Social, como órgano de relación entre a sociedade e a Universidade, e as funcións da Vicerreitoría.

Apróbase por asentimento nomear como membro do Consello Social polo sector do profesorado a D. Luis F. Barral Losada.

6. ELECCIÓN DUN DOUTOR MEMBRO DO PDI COMO MEMBRO DA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN DO ÁMBITO XURÍDICO SOCIAL

A secretaria xeral informa de que o pase á situación de servizos especiais de D. Carlos M. Suárez-Mira Rodríguez deixa unha vacante na Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno polo sector de membros do PDI do ámbito xurídico social. Aberto o prazo de presentación de candidaturas se presenta en tempo e forma unicamente D. Gustavo Rego Veiga, que resulta elixido sen necesidade de proceder á votación.

7. APROBACIÓN DUN TRASVASE DE CAPÍTULO I A CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que para proceder ao pago do complemento de cargo académico ao secretario da Facultade de Dereito é necesario traspasar a cantidade de 2.730,62 euros do capítulo I ao capítulo VI, cantidade que corresponde ao pago do complemento de secretario de facultade desde a data de nomeamento, 11 de febreiro de 2005, ao 31 de decembro deste ano. Ese traspase, consonte o disposto na base 9.1ª de Execución do Orzamento, debe ser aprobado polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento traspasar a cantidade de 2.730,62 euros do capítulo I ao capítulo VI para proceder ao pago do complemento por cargo académico do secretario da Facultade de Dereito.

8. PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da proposta de convocatoria das prazas afectadas pola disposición transitoria 3ª dos Estatutos, que son: dúas de profesor colaborador para a área de Fisioterapia, para D.ª Inés Viana Moldes e D.ª Adriana Ávila Álvarez, e unha de profesor colaborador para a área de Construcións Arquitectónicas, para D. Esteban Fernández Cobián. Tamén informa da necesidade de convocar unha praza de profesor titular interino de Universidade para o Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración, e dúas de profesor contratado interino de substitución a tempo parcial para o Departamento de Dereito Público, un para docencia

na área de Dereito Penal e outro para a docencia na área de Dereito Constitucional. Advirte que a de Dereito penal se fará só por un ano, non polo tempo que duren os servizos especiais do profesor substituído, o que se debe a que a área ten capacidade suficiente para cubrir a substitución, mais cando se produce a necesidade o catedrático Carlos Martínez-Buján Pérez xa tiña concedido un ano sabático que non parece adecuado revocar ante a nova situación da área, polo que, de maneira excepcional, se concede unha substitución por un ano. As prazas foron informadas favorablemente pola COAP de 14 de setembro de 2005.

As prazas de profesorado, cuxos detalles se atopan no **ANEXO V**, **apróbase** por asentimento.

9. COMISIONS DE SERVIZOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a solicitude de comisión de servizos de D. Emilio Blanco Gómez, profesor titular de Universidade do Departamento de Filoloxía Española e Latina, para a Universidade Rey Juan Carlos. Foi informada favorablemente pola COAP na reunión do 14 de setembro de 2005.

A concesión da comisión de servizos, cuxos detalles se relacionan no **ANEXO VI**, **apróbase** por asentimento.

10. CONVOCATORIA DUN CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS PARA A PROVISIÓN DOS POSTOS DE XEFE DE SERVIZO E DUN CONCURSO DE LIBRE DESIGNACIÓN PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE LETRADO ASESOR, VACANTES NA RPT DESTA UNIVERSIDADE

A secretaria xeral informa de que se retira o punto da orde do día por estar pendente a negociación coa Xunta de Persoal Funcionario sobre o calendario de implantación da nova RPT, que se esperaba ter rematado a tempo para este Consello.

11. MASTERS E CURSOS DE POSGRAO

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica expón as modificacións que se propuxeron no curso de posgrao en produtos financeiros derivados; no curso de especialización en análise bursátil; e no mestrado en banca e mercados financeiros. Todas contan co informe favorable da Unidade de Estudos Propios de Posgrao.

As modificacións, cuxos detalles se encontran no **ANEXO VI**, **apróbase** por asentimento.

12. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO DO CURSO 2003/2004

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica expón a proposta de premios extraordinarios de doutoramento do curso 2003/2004.

Os premios extraordinarios de doutoramento, que se recollen no **ANEXO VII**, **apróbanse** por asentimento.

13. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE DEREITO

A secretaria xeral informa que o regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito ten informe favorable da Asesoría Xurídica.

O Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito, que se atopa no **ANEXO VIII**, **apróbase** por asentimento.

13. ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Casteleiro Maldonado pregunta se a convocatoria das habilitacións vén acompañada dunha dotación orzamentaria para as universidades, pois a presión dos habilitados sen praza será enorme, e a dotación de prazas e a promoción do persoal terá un custo importante para as universidades.

O Sr. Reitor sinala que non, e lembra que na composición do Consello de Universidades están presentes non só os reitores. Trátase da última convocatoria antes da reforma do sistema de acceso. Utilizouse para o cálculo do número de prazas por área unha análise multivariante que ten en conta non só as peticións das universidades, senón tamén factores como o número de candidatos que se presentan, o número de catedráticos e titulares xa existentes... A universidade ten autonomía para decidir se convoca a praza para cubrir entre habilitados ou non a convoca.

O Sr. Casteleiro Maldonado solicita que se pida máis diñeiro ao Ministerio.

A Sra. López Fernández solicita información sobre a elaboración das propostas de posgrao e o calendario.

O Sr. Reitor informa de que o 15 de febreiro de 2006 é a data límite para presentar as propostas á Comunidade Autónoma, paso inicial dun longo proceso.

O vicerreitor de Profesorado sinala que nesta semana se están a producir os primeiros contactos coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O equipo reitoral xa trasladou aos centros borradores sobre os criterios de calidades que se usarán na ACSUG. Apunta a necesidade de que se reflexione sobre a cuestión nos centros e departamentos, que se vexa a necesidade de facer unha oferta atractiva e de calidade, e de pensar no SUG en conxunto e non só en cada unha das universidades que o integran.

A Sra. López Fernández manifesta as súas dúbidas sobre as posibilidades de colaboración coas outras universidades, e sinala que non é tranquilizador que na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria só haxa xente procedente da Universidade de Santiago de Compostela. Apunta, ademais, que hai titulacións condicionadas pola existencia de posgraos impostos.

O Sr. Reitor abandona a sesión para asistir a un acto protocolario. Preside a vicerreitora de Investigación.

A Sra. Candedo Gunturiz pregunta que son as mencións.

A vicerreitora de Investigación contesta que ese concepto foi introducido nas reunións de decanos e directores de centro por titulacións, e que supón a existencia nos posgraos dunha parte común e de itinerarios que darían lugar a un título único con mencións.

A Sra. Candedo Gunturiz lembra que onde as Comunidades Autónomas deron directrices xa se produciron avances no deseño do mapa de titulacións. Onde non, a tendencia é transformar os segundos ciclos e os cursos de doutoramento en posgraos. Solicita información sobre se hai acordos entre as tres universidades do SUG para ir por un camiño común.

O vicerreitor de Profesorado contesta que non, se ben na comisión mixta Consellería-tres universidades acordouse colaborar, sen especificar como.

O Sr. Fernández Cervantes advirte que non todos están en disposición de colaborar e que a competencia será dura.

O Sr. Cao Abad pide que se estenda a convocatoria para o deseño dos posgraos aos departamentos. Pregunta pola media anual de prazas de habilitación que se viña convocando ata agora.

O vicerreitor de Profesorado indica que carecemos do dato. Entende que a mensaxe do Ministerio é que as universidades deben optar por nomear funcionarios e non pola vía do contrato laboral para o PDI.

O Sr. López Santamaria pregunta polos criterios de matrícula empregados na Escola de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e pola situación de varios estudantes beneficiarios dunha bolsa Sócrates e que teñen problemas para marchar.

O Sr. Casteleiro Maldonado indica que o problema dos bolseiros Sócrates xa está arranxado, logo dunha reunión da dirección da Escola con eles. En relación coa matrícula, pediuse á vicerreitoría de Ordenación Académica o mantemento por un ano dun aspecto que se contiña o ano pasado na normativa de matrícula e que agora non aparece nas normas de xestión académica.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 horas.